
Programa de Desenvolvemento Estratéxico
Facultade de Química

Período de validez do Programa: 2022-2026

Data de aprobación: 24/04/2023

Índice

Presentación	2
Participantes.....	3
Antecedentes	4
Diagnose da situación do centro e as titulacións.....	5
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa	9

Presentación

O equipo decanal da Facultade de Química manifesta o seu compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e, particularmente, das titulacións impartidas no mesmo, así coma a importancia da posta en marcha dunha estratexia abordada de forma participativa e colaborativa tendo en conta a contorna do centro e os principais retos cara ó futuro. O programa de Desenvolvemento estratéxico do Centro estrutúrase, de xeito análogo ó Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026), arredor de cinco eixes estratéxicos de capital importancia nados do espírito de servizo e de mellora que debe caracterizar unha institución xeradora e transmisora de coñecemento que, en última estancia, está ao servizo da cidadanía. A formación impartida, a relación da universidade coa sociedade, a investigación e a transferencia, a organización dos recursos propios e as persoas que a compoñen son as cinco canles polas que flúe a súa esencia vital e que representan o que lle pode ofertar á sociedade no seu conxunto.

Participantes

Peña Gallego, M ^a de los Ángeles	Decana do centro Coordinadora de Grao do centro
Pena Pereira, Francisco Javier	Coordinador de Calidade Enlace de igualdade
García Martínez, Emilia	Secretaria do centro
Longo González, M ^a Asunción	Coordinadora do Mestrado en Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca
Terán Moldes, M ^a del Carmen	Coordinadora do Mestrado en Química e Química Industrial
Hermida Ramón, Jose Manuel	Coordinador do Mestrado en Química Teórica e Computacional
Hervés Beloso, Juan Pablo	Coordinador do Mestrado en Nanociencia e Nanotecnoloxía
Lavilla Beltrán, María Isela	Directora do Departamento de Química Analítica e Alimentaria
García Fontán, María Soledad	Directora do Departamento de Química Inorgánica
Mosquera Castro, Ricardo Antonio	Director do Departamento de Química Física
Cid Fernández, María Magdalena	Director do Departamento de Química Orgánica
Valverde Pérez, Diana	Secretaria do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía
García Cutrín, Francisco Javier	Director do Departamento de Matemáticas
Díez Ferrer, José Bienvenido	Director do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio
González de Prado, Begoña	Representante do Departamento de Enxeñaría Química
Martínez Piñeiro, Manuel	Director do Departamento de Física
Pérez Cid, Benita	Representante do profesorado
Eiriz Guinde, Pablo	Representante do estudantado de grao
López Fernández, Iago	Representante do estudantado egresado
Fariza Nóvoa, María	Administradora do centro
Rodríguez Méndez, Manuel	Representante da sociedade
Barreiro Castro, Cándida	Representante do PAS
Dorribo Ribera, José Miguel	Representante da UTC

Antecedentes

Con data 15 de maio de 2008, a Área de Calidade da Universidade de Vigo creou o procedemento PE-01 (documentación marco), definindo e revisando a política e obxectivos de calidade do Sistema de Garantía Interna de Calidade dos centros. Durante os anos 2008-2011 leváronse a cabo modificacións no ámbito do SGIC dos centros, en base ás recomendacións establecidas nos informes de avaliación do sistema de calidade remitido desde a ACSUG. O 26 de xuño de 2012, a Unidade de Estudos e Programas creou o procedemento DE01-PR01 “Planificación e desenvolvemento estratéxico” do sistema de calidade do ámbito de xestión. Con data 3 de novembro de 2014, á Área de Apoio á Docencia e Calidade levou a cabo a evolución completa do procedemento, que integra e substitúe ó procedemento DE01-PR01 mencionado anteriormente. Ata a recente aprobación do Plan estratéxico da Universidade de Vigo (2021-2026), o desenvolvemento estratéxico na Facultade de Química vertebrábase a través da “Política e Obxectivos de Calidade” do centro. Con data 27/07/2022, considerouse conveniente a elaboración do presente Programa de Desenvolvemento Estratéxico da Facultade de Química en consonancia co Plan Estratéxico institucional.

Diagnose da situación do centro e as titulacións**Dimensión Interna**

Debilidades	Fortalezas
<p>1. O limitado coñecemento por parte do tecido empresarial das potencialidades da Facultade de Química en I+D+i dos grupos e dos centros de investigación.</p> <p>2. A necesidade de adecuar a oferta formativa ás necesidades dun mercado laboral cambiante e que demanda unha formación ao longo de toda a vida.</p> <p>3. A escasa captación de estudantes de fóra de Galicia.</p> <p>4. O reducido coñecemento de linguas estranxeiras para seren máis competitivos no eido da docencia, da administración, da investigación, da transferencia e, especialmente, na inserción laboral do estudantado.</p>	<p>1. O cadro do persoal docente e investigador axeitado para as necesidades actuais e con capacidade de adaptación a futuros cambios.</p> <p>2. A existencia de persoal investigador e de grupos de investigación moi competitivos, con experiencia en convocatorias públicas e privadas, nacionais e internacionais. A investigación de calidade.</p> <p>3. A oferta de titulacións ben adaptada ás demandas sociais da que se deriva unha elevada porcentaxe de cobertura das prazas</p> <p>4. O acceso a ferramentas e medios no centro de apoio á investigación que permiten dotar suficientemente ós grupos de investigación da UVigo.</p> <p>5. O persoal de administración e servizos (PAS) suficiente e con alta formación e capacidade.</p>

Contorna externa

Ameazas	Oportunidades
<p>1. A presión para adecuar de forma inmediata a oferta académica a un tecido produtivo en permanente transformación.</p> <p>2. A falta de financiamento estable dos grupos de investigación.</p> <p>3. O incremento da competencia co resto das universidades do sistema universitario de Galicia (SUG), coas iniciativas de orixe privada e coas universidades en liña para captar estudantado tanto de Galicia coma foráneo.</p> <p>4. A crecente valorización social dos ciclos formativos da ensinanza profesional convérteos nunha alternativa competidora da oferta universitaria.</p> <p>5. A perda de oportunidades na captación e na retención de talento entre o PDI e o PAS, especialmente en áreas de alta demanda de persoal cualificado.</p>	<p>1. A existencia de importantes centros tecnolóxicos na contorna da Facultade de Química da Universidade de Vigo.</p> <p>2. A crecente conciencia na sociedade da necesidade dunha formación continuada para as persoas ao longo de toda a súa vida.</p> <p>3. A necesidade da innovación constante intensificará a relación universidade-empresa.</p> <p>4. As taxas públicas dos títulos oficiais da Universidade de Vigo son das máis baixas de España.</p> <p>5. A mellora e a potenciación das relacións dos grupos de investigación da Facultade de Química da UVigo con outros grupos das universidades do eixe atlántico.</p>

***Misión, Visión e Liñas estratéxicas**

Misión: A misión da Facultade de Química está enfocada cara a unha formación académica integral do alumnado que permita acadar unha masa crítica de profesionais cualificados e especializados que cumpran coas necesidades e requirimentos dos campos relacionados coa profesión Química. Así mesmo, a Facultade de Química aposta de xeito decidido pola investigación e desenvolvemento de calidade, así coma a transferencia de resultados, o cal permite contribuír á xeración de coñecemento e á mellora da súa contorna socioeconómica.

Visión: A Facultade de Química aspira a consolidar e incrementar a calidade das actividades formativas destinadas ós futuros profesionais do sector químico, os cales deben ter a capacidade de adaptarse á natureza cambiante do mercado laboral, así coma ás necesidades da sociedade. Ademais, preténdese un incremento da captación de recursos, tanto humanos coma económicos, que permitan incrementar de xeito continuo a produtividade en termos de investigación, desenvolvemento e transferencia, sen esquecer a difusión das actividades científico-técnicas levadas a cabo no Centro cara a unha maior interacción co tecido produtivo próximo.

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
<p>Formación Investigación e transferencia</p>	<p>Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgrao plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna</p>	<p>Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo</p>	<p>Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoo baixo umbrais apropiados.</p>
<p>Formación Organización e recursos Investigación e transferencia Persoas</p>	<p>Obxectivo 2. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna</p> <p>Obxectivo 3. Captar estudiantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria</p>	<p>Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión</p>	<p>Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade. Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido. Captar un volume de estudiantado axustado á oferta de prazas. Difundir a oferta formativa.</p>
<p>Formación Investigación e transferencia Persoas Organización e recursos Relación coa sociedade</p>	<p>Obxectivo 4. Potenciar o recoñecemento dunha actividade docente de calidade e establecer mecanismos de innovación docente e de mellora continua na formación do profesorado.</p> <p>Obxectivo 5. Captar PDI e PAS con talento</p>	<p>Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.</p>	<p>Mellorar a cualificación do PDI e PAS</p>

<p>Relación coa sociedade</p> <p>Organización e recursos</p> <p>Persoas</p>	<p>Obxectivo 6. Mellorar a imaxe interna e o posicionamento nacional e internacional da Universidade de Vigo</p>	<p>Acadar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas a indicadores académicos con especiais relevancias aquelas que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese</p>	<p>Mellorar a planificación e desenvolvemento da titulación.</p>
<p>Organización e recursos</p> <p>Relación coa sociedade</p>	<p>Obxectivo 7. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias</p>	<p>Acadar un compromiso de mellora continua coma norma de conducta, e propoñer e levar a cabo as accións necesarias para o mantemento e mellora da calidade</p> <p>Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) coma de todos os procesos vencellados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións</p>	<p>Xestionar de forma efectiva os programas formativos</p> <p>Certificación da implantación do SGC do centro</p>
<p>Organización e recursos</p> <p>Persoas</p>	<p>Obxectivo 8. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria</p>	<p>Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro</p>	<p>Mellorar a satisfacción dos grupos de interese</p>

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa



